



Memoria xustificativa do convenio de colaboración entre o Instituto de Estudos do Territorio, a entidade pública empresarial Augas de Galicia e a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia (ADEGA) para o desenvolvemento dun programa de educación para a sustentabilidade dos ríos (Proxecto Ríos)

1 Augas de Galicia, entidade creada pola Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia (DOG núm. 222, do 18.11.2010) e regulada polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o seu estatuto (DOG núm. 9, do 13.01.2012) é unha entidade pública empresarial do sector público autonómico de Galicia, adscrito á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, que ten por finalidade, entre outras, a preservación e mellora do medio ambiente e, en particular, dos ecosistemas acuáticos.

2 O programa de educación para a sustentabilidade dos ríos presentado por ADEGA, denominado “Proxecto Ríos”, configúrase como un programa de voluntariado e educación ambiental co cal se pretende dar resposta a unha problemática de gran importancia en Galicia como é a da contaminación e deterioro dos ecosistemas fluviais. Este programa baséase na inspección das condicións ecolóxicas dos ríos, realizada por voluntarios locais responsables da vixilancia e protección dos treitos seleccionados, mediante unha metodoloxía de observación sinxela e estandarizada de fácil aplicación e desenvolvemento.

Un obxectivo fundamental é a divulgación da “custodia fluvial” (vertente da custodia do territorio), nova e crecente ferramenta de conservación, centrada no concreto ámbito dos ríos, das ribeiras e do patrimonio etnográfico e cultural vinculados a eles.

3 Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co Instituto de Estudos do Territorio e ADEGA o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2017, sendo de aplicación aso gastos realizados dende o 1 de xaneiro de 2017.

4 O obxecto do convenio de colaboración é establecer as condicións que rexerán a participación e colaboración entre Augas de Galicia, o Instituto de Estudos do Territorio e ADEGA para desenvolvemento das actividades e actuacións planificadas para o ano 2017 no marco do “Proxecto Ríos”.

5 O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

A Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, recolle entre os principios reitores do exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de augas, o de contribución á preservación e mellora do medio ambiente e, en particular dos ecosistemas acuáticos, constituíndo un obxectivo primordial en





materia de auga o de previr o deterioro do estado de todas as masas de auga coa finalidade de acadar o bo estado ecolóxico das mesmas.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4.2 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela
O director de Augas de Galicia

Roberto Rodríguez Martínez
(*asinado dixitalmente*)

